



CIRCULAR INFORMATIVA 15/2025

1. ACORDO GOVERNATIVO 24/2025 DO XULGADO DECANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Coa entrada en funcionamento da nova versión do programa Minerva, o procedemento “xura de contas de avogado” deberá ser presentado como “escrito de trámite” dirixido ao procedemento principal, que dará lugar a unha peza separada da conta de avogado (PMA).

Achégase unha copia do acordo.

2. RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 08.07.2025

A Xunta de Goberno, na sesión do pasado 08.07.2025, tomou os seguintes acordos:

1. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Aprobáronse dúas incorporacións como exercentes residentes e a baixa dunha colexiada non exercente.
2. **Informes de honorarios.** Aprobáronse 35 informes de honorarios para taxacións de custas, dos cales 31 versaban sobre materia bancaria, 3 sobre impugnación de cadernos particionais e 1 sobre reclamación de cantidade.
En total, neste primeiro semestre elaboráronse e tramitáronse 334 informes para taxacións de custas ante os xulgados (un 90 % aprox. sobre materia bancaria).
3. **Solicitudes do Xulgado de Instrución Núm. 1, da Fiscalía e do Xulgado Decano desta cidade.** Atendéronse os escritos remitidos polo Xulgado de Instrución Núm. 1 (en relación coa substitución dun letrado de oficio), da Fiscalía e do Xulgado Decano (en relación coas modificacións introducidas no programa Minerva).
4. **Cambios de letrados/as da quenda de oficio.** Acordouse non proceder aos cambios de letrados de oficio solicitados por dúas persoas usuarias da quenda de oficio, ao non concorrer os requisitos establecidos no Regulamento da quenda de oficio e na Lei de asistencia xurídica gratuíta.
5. **Escritos de colexiados/as.** Atendéronse e tomouse recibo dos escritos presentados por colexiados/as sobre diversos asuntos.
6. **Alegacións ao Regulamento da quenda de oficio.** Unha vez finalizado o prazo para presentar alegacións ao Regulamento da quenda de oficio e logo de ver as recibidas, acordouse a súa remisión á Comisión da Quenda de Oficio para que as valore.